



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2019/C005/000006

Ref.: IVCR

PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN SÚPER SIMPLIFICADA, DO CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN DO EVENTO “FEIRA DO QUEIXO E DO MEL -GOENTE 2019”. ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS DOS LICITADORES ADMITIDOS Á LICITACIÓN

O día 07/10/2019, ás 10:15 horas, no Departamento de Contratación, procédese á apertura das ofertas económicas no procedemento mencionado, segundo as previsións contidas nos pregos de cláusulas administrativas que rexen esta licitación.

Efectúan a apertura José Manuel Cabarcos Anca, técnico de administración xeral da corporación, e Ivón Carrodegas Rodríguez, administrativa do Departamento de Contratación.

Nesta licitación todos os licitadores presentaron as súas ofertas dentro do prazo previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

Lote 1, Infraestrutura para actividades da feira

As ofertas que presentaron as empresas admitidas a licitación son as seguintes:

Contrato/concurso: CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS DO EVENTO “FEIRA DO QUEIXO E DO MEL- GOENTE, 2019”. LOTE 1: Infraestrutura para actividades da feira

Prezo de licitación: 9150 € (sen IVE)

Límite oferta anormal/desproporcionada: 6862,50 €

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Oferta anormal/desproporciónada	Total
1	José Bouza e Hijos, SL	7190,08	21,42	89,26	Non	89,26

Este licitador na súa proposición ofrece un prezo sen IVE superior ao prezo IVE incluído; enténdese que se trata dun mero erro de transcripción das cantidades á hora de formular a oferta, que non altera o sentido da proposición nin a fai inviable.

Por iso, propónse requirir ao licitador José Bouza e Hijos, SL, para que achegue no prazo de tres días hábiles, o modelo de oferta previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, asinada dixitalmente, con indicación do prezo ofertado, aclarando a cantidade sen IVE e a correspondente ao IVE incluído.

A documentación presentarase en formato dixital (PDF con firma electrónica) a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.com/es>) ou da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Lote 2, Son

As ofertas que presentaron as empresas admitidas a licitación son as seguintes:

Contrato/concurso: CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS DO EVENTO “FEIRA DO QUEIXO E DO MEL- GOENTE, 2019”. LOTE 2: Son

Prezo de licitación: 430 € (sen IVE)

Límite oferta anormal/desproporcionada: 322,50 €



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2019/C005/000006

Ref.: IVCR

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Xalo Maira Pernas	430	0,00	0,00	Non	0,00

De acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propónse ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Xalo Maira Pernas, cunha oferta de 430 euros (sen IVE) e unha puntuación da valoración económica de 0 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE e no rexistro autonómico equivalente. Dado que se atopa inscrito no Rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia, queda acreditado que o empresario está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, goza de capacidade xurídica, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. No relativo á capacidade de obrar, consta noutros expedientes a acreditación desta. O concello das Pontes verificará se o licitador está ao corrente co concello.

Lote 3, Traballos de impresión

As ofertas que presentaron as empresas admitidas a licitación son as seguintes:

Contrato/concurso: CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS DO EVENTO "FEIRA DO QUEIXO E DO MEL- GOENTE, 2019". LOTE 3: Traballos de impresión

Prezo de licitación: 780 € (sen IVE)

Límite oferta anormal/desproporcionada: 585,00 €

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Publicidade Dixital Galega, SL	700	10,26	47,88	Non	47,88

De acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propónse ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Publicidade Dixital Galega, SL, cunha oferta de 700 euros (sen IVE) e unha puntuación da valoración económica de 47,88 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE e no rexistro autonómico equivalente. Dado que se atopa inscrito no ROLECE, queda acreditado que a empresa goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. O concello das Pontes verificará se o licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social así coma co concello.

Lote 4, Limpeza



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 Fax 981453185 REL 01150709 CIF P1507100D

Expte. núm. 2019/C005/000006

Ref.: IVCR

As ofertas que presentaron as empresas admitidas a licitación son as seguintes:

Contrato/concurso: CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E SERVIZOS DO EVENTO "FEIRA DO QUEIXO E DO MEL- GOENTE, 2019". LOTE 4: Limpeza

Prezo de licitación: 180 € (sen IVE)

Límite oferta anormal/desproporcionada: 135,00 €

Nº	Licitador	Oferta económica	Baixa (%)	Puntuación Val. económica	Oferta anormal/desproporcionada	Total
1	Limpezas y mantenimientos Ecovapor, SL	180	0,00	0,00	Non	0,00

De acordo co artigo 159.4 e 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP), aplicable, de acordo co artigo 159.6 da LCSP, supletoriamente no procedemento aberto súper simplificado, propónse ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que presentou a proposición que contén a oferta economicamente máis vantaxosa, o licitador Limpezas y mantenimientos Ecovapor, SL, cunha oferta de 180 euros (sen IVE) e unha puntuación da valoración económica de 0 puntos.

De seguido, ao abeiro do artigo 159.4.3º da LCSP, comprobouse se o licitador proposto como adxudicatario está inscrito no ROLECE e no rexistro autonómico equivalente. Dado que non se atopa inscrito neses rexistros, deberá acreditar que a entidade goza de capacidade xurídica e de obrar, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e non está incurso en ningunha prohibición para contratar. O concello das Pontes verificará se o licitador está ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social así coma co concello.

De conformidade co previsto no artigo 159.4.4º da LCSP, propónse requirir a este licitador para que achegue, no prazo de 7 días hábiles a contar dende a recepción da notificación do dito requirimento, a documentación acreditativa da súa capacidade xurídica e de obrar. A documentación presentárase en formato dixital (PDF con firma electrónica) a través da sede electrónica do concello (<https://sede.aspontes.com/es>) ou da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>).

Finalmente, remátase o acto de apertura das ofertas ás 10:38 h, da que se estende esta acta para a súa constancia.

As Pontes de García Rodríguez, 07 de outubro de 2019

A administrativa de contratación

O técnico de administración xeral